



**CAIXA RURAL
GALEGA**

 ruralvía

**Informe
do ano 2021**

Caixa Rural Galega é unha Sociedade Cooperativa de Crédito de responsabilidade limitada de ámbito autonómico, inscrita no Rexistro Xeral de Cooperativas do Ministerio de Traballo co número 523, na Sección Central do Rexistro de Cooperativas da Dirección de Traballo e Promoción de Emprego da Consellaría de Traballo e Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número 68, e no Rexistro de Entidades Cooperativas de Crédito, dependente do Banco de España, co número 30 da Sección C, tendo a consideración de Caixa Cualificada.

Ten personalidade xurídica propia, e pode exercer toda clase de accións e operacións, gozando dos beneficios que legalmente lle corresponden. A responsabilidade dos socios fronte as obrigas sociais da Entidade é limitada. Por ser Caixa Rural Calificada pode asinar convenios de colaboración coas Entidades de Crédito Oficial, así coma obter os beneficios que reglamentariamente se determinen polo Ministerio de Economía e Facenda. Está acollida ó Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

CIF: F-27005164

DOMICILIO SOCIAL: Rúa Montero Ríos 24-26, 27002 – Lugo

www.ruralvia.com/galega

caixaruralgalega@caixaruralgalega.gal

Órganos de goberno

· Consello Reitor

Presidente

D. MANUEL VARELA LÓPEZ

Vicepresidente

D. ÁNGEL RAMIL CASTELO

Secretario

D. ANTONIO RIVEIRA REQUEIJO

Vocais

- 1º. D. ALBERTO CEPEDA SÁEZ
- 2º. D. DANIEL VILLAPOL VALEA
- 3º. D. JOSÉ LUIS LÓPEZ VÁZQUEZ
- 4º. D. JOSÉ LUIS BENEDITO CASTELLOTE
- 5º. D. SALVADOR MANUEL DIZ CERVIÑO
- 6º. DÑA. CRISTINA VARELA SÁNCHEZ
- 7º. D. DIEGO ARIAS FERNÁNDEZ
- 8º. D. GUSTAVO ALBERTO DÍAZ CUESTA
- 9º. D. JOSÉ AQUILINO RODRÍGUEZ LÓPEZ

· Comisión Permanente

Presidente

D. MANUEL VARELA LÓPEZ

Vicepresidente

D. ÁNGEL RAMIL CASTELO

Secretario

D. ANTONIO RIVEIRA REQUEIJO

Vocais

- D. JOSÉ LUIS LÓPEZ VÁZQUEZ
- D. JOSÉ LUIS BENEDITO CASTELLOTE
- D. ALBERTO CEPEDA SÁEZ

· Director Xeral

D. JESÚS ANTONIO MÉNDEZ ÁLVAREZ-CEDRÓN

Servicio de Atención ao Cliente

A Entidade, dando cumprimento ao establecido na Lei 44/2002, de 22 de novembro, de Medidas de Reforma do Sistema Financeiro e á Orde ECO/734/2004, do 11 de marzo, do Ministerio de Economía, sobre os Departamentos e Servizos de Atención ao Cliente e o Defensor do Cliente en determinadas Sociedades Cooperativas de Crédito, ten a disposición dos seus clientes o Servizo de Atención ao Cliente, regulado por un Regulamento de Funcionamento, aprobado polo Consello Reitor.

Durante o exercicio 2021, o Servizo de Atención ao Cliente rexistrou cento setenta e oito reclamacións, das que a totalidade foron atendidas directamente polo Servizo. Non se rexistrou ningunha reclamación atendida, nin polo Defensor do Cliente, nin polo departamento de reclamacións do Banco de España.

Foron admitidas a trámite cuarenta e nove delas; de estas, vinte foron favorables ao cliente e vintenove desfavorables.

Informe de xestión

Cando España comezaba a saír dunha crise financeira especialmente dura para todos que comezara alá polo ano 2008, non podíamos sospeitar que pouco tempo despois viviríamos outra crise aínda máis virulenta e dolorosa que a anterior, porque á crise económica hai que engadirlle a perda irreparable de moitos dos nosos seres queridos.

Cando escribín estas liñas o ano pasado, agardaba o 2021 con moito optimismo, cun crecemento moi importante, sobre todo no segundo semestre. E sen dúbida foi un bo ano, pero menos do previsto porque aínda que o consumo aumentou considerablemente, o crecemento moderouse ata o 5,1%, punto e medio menos do previsto inicialmente polo Goberno. Seguramente, o aumento do prezo da enerxía, dos combustibles e das materias primas terá pesado moito. Este incremento de prezos esténdese a outros sectores e leva consigo unha inflación que se sitúa en torno ao 7% a finais de ano. Esperábase que fose algo transitorio, pero ao parecer no que vai de 2022 pode ser máis persistente do que pensabamos.

Neste contexto certamente difícil, Caixa Rural Galega pode volver facer contas cun crecemento récord, tanto en depósitos como en investimento crediticio. E aínda que levamos moito tempo no que os depósitos non son especialmente rendibles, indican un alto nivel de confianza na nosa Entidade que valoro dun xeito moi especial. Tamén supón un gran traballo por parte do noso persoal, que con sacrificio, dedicación e bo facer soubo superar, unha vez máis, os obxectivos perseguidos.

Así, o volume de negocio seguiu crecendo a un ritmo moi importante con depósitos de 1.588.486 miles de euros e un investimento crediticio de 784.694 miles de euros, o que supón unha vez máis un incremento moi considerable con respecto ao ano anterior.

O sistema financeiro español continúa cunha reestruturación que comezou hai máis dunha década. As entidades financeiras seguen pechando oficinas. Nos últimos cinco anos, os bancos españois pecharon unha de cada tres oficinas, segundo os datos do Banco de España. Pero o peor destes datos é que están pechados onde as persoas son maiores, menos rendibles para as entidades, pero as máis vulnerables, as que máis precisan dunha oficina próxima ou serán excluídas.

Por iso, na nosa Entidade seguimos convencidos da necesidade de facer unha banca diferente, centrada nas persoas, a banca habitual, con oficinas abertas todo o día e mantendo todas as oficinas. E coa firme vontade de seguir abrindo estratexicamente algún máis.

O ano 2021 presentouse pois como un ano de esperanza e foi un ano de avatares, de contrastes, de querer saír da crise, pero sen saír dela por completo.

Pero para o ano 2022, os retos serán aínda maiores, rematamos o ano con tensións crecentes en Europa do Leste, que provocou a invasión de Ucraína por parte de Rusia.

Ao enorme drama humano hai que engadirlle consecuencias económicas difíciles de cuantificar neste momento, pero seguramente de gran importancia para Europa. Tamén para un sector primario que levaba moito tempo sufrindo.

Se isto continúa neste camiño, non será difícil que a inflación se manteña no seu nivel máis alto das últimas décadas.

Pero aos grandes retos temos que responder sendo máis eficientes, sendo mellores, e na nosa Entidade xa demostramos que sabemos superar as dificultades. Seguirémolo facendo porque contamos co compromiso, a lealdade e o bo facer do noso persoal. E o xeneroso apoio dos nosos socios. Polo tanto, non importa o tamaño do desafío, seguiremos superándonos.

O Presidente

Ratios

Crecedemento do balance 18,04% Alcanzamos un crecemento de 266 millóns de euros respecto ó exercicio anterior	Ratio de morosidade 2,65% Diminuimos a ratio de morosidade respecto ao exercicio anterior en case un punto porcentual.	Ratio de solvencia Fully-loaded 15,24% Cumprimos cos niveis requiridos pola lexislación vixente e as esixencias do regulador
Crecedemento depósitos da clientela 19,84% Ó peche do exercicio 2020 superamos os 1.500 millóns de euros nos depósitos da clientela	Crecedemento do investimento crediticio 11,08% O crecemento do investimento crediticio supuxo case 75 millóns de euros no exercicio.	LCR 953,07% Os nosos depósitos cobren o investimento crediticio e esta ratio indica que temos suficiente liquidez para facer fronte a salidas de efectivo durante 30 días. Debería de estar sempre por riba do 100%.

Informe de auditoría externa

O noso auditor externo, KPMG Auditores, S.L., emitiu, con data 22 de abril de 2022 o informe de auditoría das contas anuais, que comprenden o balance a 31 de decembro de 2021, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria, correspondentes ao exercicio terminado nesa data.

A opinión do auditor foi favorable. Considera que estas contas anuais reflicten a imaxe fiel do patrimonio e a situación financeira da Entidade ao 31 de decembro de 2021, así coma os seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes.


A reprodución de este Informe de Auditoría debe lerse, para a súa adecuada comprensión e interpretación, xunto coas contas anuais e o informe de xestión correspondentes ao exercicio anual rematado o 31 de decembro de 2021 sobre as que opina, cuxo texto íntegro atópase dispoñible no apartado de información institucional de www.ruralvia.com/galega

Fondo de Educación e Promoción


Durante o ano 2021, o Consello Reitor da Entidade, por delegación da Asamblea Xeral, acordou o patrocinio con cargo ao Fondo de Educación e Promoción de 76 actividades por un importe global de 423.587,90 euros.

Número de actividades	Importe concedido	Concepto
3	188.088,12	Fomento do cooperativismo
18	41.900,00	Actividades socioculturais
17	35.750,00	Fomento da práctica deportiva
18	101.867,00	Fomento da actividade socioeconómica
14	38.082,78	Actividades formativas
6	17.900,00	Accións sociais
	423.587,90	Total

Evolución do número de socios




Distribución do Patrimonio Neto




Evolución dos resultados


Resultado do exercicio (miles de euros)



Evolución do número de empregados




Clasificación do risco crediticio por sector



Evolución do investimento crediticio e dos depósitos da clientela

(Saldos medios anuais en miles de euros)



Balances ao 31 de decembro de 2021 e 2020 (Miles de Euros)

ACTIVO	31.12.2021	31.12.2020
Efectivo, saldos en efectivo en bancos centrais e outros depósitos á vista	273.356	187.123
Activos financeiros mantidos para negociar	19	43
Derivados	19	43
Activos financeiros non destinados á negociación valorados obrigatoriamente a valor razoable con cambios en resultados	308	460
Valores representativos de débeda	0	0
Préstamos e anticipos á clientela	308	460
Outros activos financeiros a valor razoable con cambios en resultados	0	0
Activos financeiros a valor razoable con cambios noutro resultado global	242.352	254.699
Instrumentos de patrimonio	22.172	18.988
Valores representativos de débeda	220.180	235.711
Activos financeiros a coste amortizado	1.189.288	1.003.236
Valores representativos de débeda	404.902	297.437
Préstamos e anticipos en entidades de crédito	16.027	14.264
Préstamos e anticipos á clientela	768.359	691.535
Derivados - contabilidade de coberturas	4.829	72
Cambios do valor razoable dos elementos cubertos dunha carteira con cobertura do risco do tipo de intereses	0	0
Investimentos en dependentes, negocios conxuntos e asociadas	0	0
Activos tanxibles	24.194	23.085
Inmovilizado material	15.337	14.151
De uso propio	8.857	8.934
Activos intanxibles	10	13
Outros activos intanxibles	10	13
Activos por impostos	3.421	3.278
Correntes	84	99
Diferidos	3.337	3.179
Outros activos	2.128	1.729
Resto dos activos	2.128	1.729
Activos non correntes e grupos alleables de elementos clasificados como mantidos para a venda	1.121	1.200
TOTAL ACTIVO	1.741.026	1.474.938
Pro-Memoria	151.535	122.804
Compromiso de préstamo concedido	91.388	80.642
Garantías financeiras concedidas	17.462	16.823
Outros compromisos concedidos	42.685	25.339

PASIVO E PATRIMONIO NETO	31.12.2021	31.12.2020
PASIVO		
Pasivos financeiros mantidos para negociar	0	0
Pasivos financeiros a valor razoable con cambios en resultados	0	0
Pasivos financeiros a coste amortizado	1.597.557	1.343.165
Depósitos de entidades de crédito	54.629	54.185
Depósitos da clientela	1.533.857	1.279.883
Outros pasivos financeiros	9.071	9.097
Derivados - contabilidade de coberturas	48.649	43.149
Cambios a valor razoable dos elementos cubertos dunha carteira con cobertura do risco do tipo de interés	0	0
Provisións	315	376
Pensións e outras obrigacións de prestacións definidas post-emprego	0	0
Compromisos e garantías concedidos	259	290
Restantes provisións	56	86
Pasivos por impostos	5.571	5.879
Correntes	0	0
Diferidos	5.571	5.879
Capital social reembolsable á vista	0	0
Outros pasivos	4.164	3.885
<i>Dos que: Fondo da Obra Social</i>	<i>1.869</i>	<i>1.625</i>
Pasivos incluídos en grupos alleables de elementos clasificados como mantidos para a venda	0	0
TOTAL PASIVO	1.656.256	1.396.454
PATRIMONIO NETO		
Fondos propios	76.432	67.572
Fondo de dotación	12.481	9.939
Reservas de revalorización	1.581	1.583
Outras reservas	56.046	50.300
Resultado do exercicio	6.324	5.750
Outro resultado global acumulado	2.696	1.607
<i>Elementos que non poden reclasificarse en resultados</i>		
Ganancias ou perdas actuariais en plans de pensións de prestacións definidas	(45)	18
Cambios do valor razoable dos instrumentos de patrimonio valorados a valor razoable	2.741	1.589
<i>Elementos que poden reclasificarse en resultados</i>	5.642	9.305
Derivados de cobertura	(1.374)	32
Cambios do valor razoable dos instrumentos de deuda		
Valorados a valor razoable con cambios noutro resultado global	7.016	9.273
TOTAL PATRIMONIO NETO	84.770	78.484
TOTAL PASIVO E PATRIMONIO NETO	1.741.026	1.474.938

Contas de perdas e ganancias correspondentes ós exercicios anuais rematados o 31 de decembro de 2021 e 2020 (Miles de Euros)

CONCEPTOS	Ingresos (Gastos)	
	2021	2020
Ingresos por intereses	22.247	20.135
Gastos por intereses	(4.402)	(2.709)
MARXE DE XUROS	17.845	17.426
Ingresos por dividendos	1.260	997
Ingresos por comisións	4.315	3.392
Gastos por comisións	(55)	(31)
Ganancias ou perdas o dar de baixa en contas de activos ou pasivos financeiros non valorados a valor razoable con cambios en resultados, netas	24	43
Ganancias ou perdas por activos e pasivos financeiros mantidos para negociar, netas	198	32
Ganancias ou perdas por activos financeiros non destinados á negociación valorados obrigatoriamente a valor razoable con cambios en resultados, netas	(130)	(184)
Ganancias ou perdas por activos e pasivos financeiros a valor razoable con cambios en resultados, netas	0	0
Ganancias ou perdas resultantes da contabilidade de coberturas, netas	0	0
Diferenzas de cambio (neto)	50	12
Outros ingresos de explotación	1.113	1.029
Outros gastos de explotación	(3.481)	(2.911)
<i>dos que: dotacións obrigatorias ó Fondo da Obra Social</i>	<i>(667)</i>	<i>(609)</i>
MARXE BRUTO	21.139	19.805
Gastos de administración	(11.271)	(10.886)
Gastos de persoal	(7.041)	(6.627)
Outros gastos xerais de administración	(4.230)	(4.259)
Amortización	(1.037)	(808)
Dotacións a provisións (neto)	(195)	(211)
Deterioro do valor ou reversión do deterioro do valor de activos financeiros non valorados a valor razoable con cambios en resultados	(1.075)	(736)
Activos financeiros a custo amortizado	(1.126)	(769)
Activos financeiros a valor razoable con cambios noutro resultado global	51	33
RESULTADO DA ACTIVIDADE DE EXPLOTACIÓN	7.561	7.164
Deterioro do valor ou reversión do deterioro do valor de activos non financeiros	0	(2)
Ganancias ou perdas ao dar de baixa en contas activos non financeiros e participacións netas	59	0
Ganancias ou perdas procedentes de activos non correntes e grupos alleables de elementos clasificados como mantidos para a venda non admisibles coma actividades interrompidas	(71)	(264)
GANANCIAS OU PERDAS ANTES DE IMPOSTOS PRODECENTES DAS ACTIVIDADES CONTINUADAS	7.549	6.898
Gastos ou ingresos por impostos sobre as ganancias de actividades continuadas	(1.225)	(1.148)
GANANCIAS OU PERDAS ANTES DE IMPOSTOS PRODECENTES DAS ACTIVIDADES CONTINUADAS	6.324	5.750
Ganancias ou perdas despois de impostos procedentes de actividades interrompidas	0	0
RESULTADO DO EXERCICIO	6.324	5.750

Proposta de distribución de resultados do exercicio anual terminado o 31 de decembro de 2021 (Euros)

	2021
RESULTADOS	
Beneficio neto	6.323.555,13
Provisión legal Fondo de Educación e Promoción (FEP)	667.043,62
Xuros a pagar aos socios por achegas de capital	-320.162,51
Total a distribuir	6.670.436,24
DISTRIBUCIÓN	
A Fondo de Reserva Obrigatoria	5.336.348,99
Fondo de Educación e Promoción (FEP)	667.043,62
Libre Disposición	667.043,62
	6.670.436,24
PROPOSTA ASAMBLEA SOBRE LIBRE DISPOSICIÓN	
A Fondo de Reserva Voluntaria	667.043,62

.....
Oficinas de Caixa Rural Galega

LUGO

LUGO, Servizos centrais	Rúa Montero Ríos, 24-26
LUGO, O.P. Urbana 1	Rúa Montero Ríos, 24-26
LUGO, Urbana 2	Rúa Doutor Ochoa, 1
LUGO, Urbana 3	Ronda das Fontiñas, 112
LUGO, Urbana 4	Rúa Afonso X O Sabio, 5-7-9
LUGO, Urbana 5	Rúa Poeta Curros Enríquez, 38
ABADÍN	Avda. Fanego Rojo, 11
ALFOZ	Mor - A Seara, 21
ANTAS DE ULLA	Avda. General Portomeñe, 19
BECERREÁ	Rúa Carlos III, 35
BEGONTE	Praza Hnos. Souto Montenegro, 4
O CÁDAVO	Avda. de Baralla, 53
CASTRO DE CARBALLEDO	Avda. de Os Peares, 35
CASTRO DE RIBEIRAS DE LEA	Avda. de Outeiro de Rei, 1
CASTROVERDE	Rúa Rosalía de Castro, 53
COSPEITO	Rúa Cervantes, 2
CHANTADA	Avda. de Lugo, 2
FOLGOSO DO COUREL	Rúa Deputación, 29
LOURENZÁ	Avda. do Val, 7
MEIRA	Praza do Concello, 3-4
MONFORTE DE LEMOS	Avda. de Galicia, 38
MOSTEIRO	Praza. de Galicia, 2
NAVIA DE SUARNA	Rúa Esteban Bilbao, 10
OUTEIRO DE REI	Praza do Concello, 3
PALAS DE REI	Travesía da Igrexa, 3
A PASTORIZA	Avda. de Muimenta, 8
POBRA DE BROLLÓN	Avda. de Galicia, 66
POBRA DE SAN XIAO	Avda. de Valdriz, 15
RIBADEO	Rúa Villafranca del Bierzo, 11
SARRIA	Rúa Diego Pazos, 21
SAN ROMÁN	Rúa Diputación, 4
SAN COSME DE BARREIROS	Rúa da Vila, 56
TABOADA	Avda. de Lugo, 86
VILALBA	Travesía dos Castros, 2

A CORUÑA

A CORUÑA	Rúa Francisco Mariño, 2
MELIDE	Ronda da Coruña, 50
SANTIAGO DE COMPOSTELA	Santiago de Guayaquil, 1

OURENSE

OURENSE	Avda. de la Habana, 4
ALLARIZ	Rúa Alfredo Nan, 1
O CARBALLIÑO	Rúa Curros Enríquez, 27
CELANOVA	Rúa Emilia Pardo Bazán, 37
VIANA DO BOLO	Rúa San Roque, 14
XINZO DE LIMIA	Avda. de Orense, 22

PONTEVEDRA

PONTEVEDRA	Avda. de Santa María, 5
CAMBADOS	Avda. Vilariño, 1
LALÍN	Rúa Puente, 1
VIGO	Rúa Policarpo Sanz, 10
VILAGARCÍA DE AROUSA	Praza de Santa Eulalia, 16

CIF: F-27005164

DOMICILIO SOCIAL:

Rúa Montero Ríos 24-26, 27002 – Lugo

www.ruralvia.com/galega

caixaruralgalega@caixaruralgalega.gal